

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA A REALIZACIÓN DA FASE DE PRÁCTICUM DO MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS PARA A EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional formalizou coas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e de Vigo instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 16 de xaneiro de 2019 ata a finalización do curso académico correspondente, e será prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, coas limitacións establecidas pola lexislación vixente.

Que o instrumento convencional ten por obxecto fixar os termos da colaboración entre a Consellería e a UDC, USC e UVIGO para a regulación da colaboración para a realización do Practicum do Máster facilitando o desenvolvemento das iniciativas de investigación e innovación docente do alumnado do Máster que teñan a formación habilitante para o exercicio da docencia tanto en educación infantil, como en primaria ou secundaria. Neste último caso, o alumnado só poderá realizar o Prácticum en centros nos que se impartan ensinanzas dos dous niveis (primaria e secundaria).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

A Consellería ten a vontade de fomentar e cooperar na formación inicial e permanente do profesorado naqueles aspectos de investigación e innovación relacionados coas didácticas específicas no contexto dos centros educativos.

As tres universidades asinantes deste convenio, dedicadas a actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico, teñen a vontade de potenciar a realización de actividades formativas, especialización e prácticas en centros educativos dependentes da Consellería, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación das súas persoas tituladas.



O Real decreto 592/2014, de 11 de xullo (BOE do 30 de xullo) regula as prácticas académicas externas das e dos estudantes universitarios.

As tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC/USC/UVIGO) imparten un Master Interuniversitario denominado 'Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para a Educación Infantil e Primaria' (en diante, o Máster), autorizado por Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 13 de xuño de 2018, que se axusta integramente ao programa verificado pola ACSUG con data 17/04/2018 e que conta cunha fase de prácticum de 42 h a desenvolver en 3 semanas.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asino dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital.

